

A Concellaría de Cultura e Centros Culturais de Santiago de Compostela convoca a Segunda edición de **Abrazos Off** co obxectivo de abrir o Festival dos Abrazos ás propostas artísticas da cidadanía.

Os proxectos artísticos seleccionados formarán parte dunha sección diferenciada dentro da programación desta terceira edición do festival, a sección Abrazos Off, que se pretende sirva de escaparate para as propostas máis arriscadas e novedosas do tecido creativo compostelán.

Presentación de proxectos

Poderán presentarse proxectos de calquera disciplina artística ou linguaxe creativa. Porén, serán especialmente valorados os proxectos de disciplinas e linguaxes menos habituais na escena galega: artes efímeras, intervencións plásticas sobre o espazo patrimonial, etc.

A temática é libre, sempre e cando concorden coa filosofía do Festival dos Abrazos, e cada artista poderá presentar tantos proxectos como estime oportuno.

A solicitude e a documentación deben ser recibidas antes do día 15 de xullo de 2010 no enderezo electrónico: off@festivaldosabrazos.org

Ou no enderezo postal:

Festival dos Abrazos
AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
Telfs: 981 552290/ 981 574152/ 981 574153
Fax: 981 574250/ 981 572292
REF.: Festival dos Abrazos

Espacios e localizacións

A organización do Festival dos Abrazos decidirá a ubicación máis axeitada para o desenvolvemento dos proxectos seleccionados. No caso de presentar un proxecto

para un espazo concreto, a organización valorará a súa viabilidade, podendo modificar a ubicación, de acordo co artista.

Documentación necesaria para formalizar a inscrición

Cuestionario de inscrición (Anexo I) debidamente cumprimentado.

Curriculo da persoa ou colectivo solicitante

Asemade, débese enviar:

- Material promocional (texto e fotos) de calidade para ser reproducidas nos soportes de comunicación e promocionais.
- Pequeno plano de colocación do espazo escénico, de ser o caso.
- Estimación orzamentaria da produción do espectáculo, incluíndo montaxe/desmontaxe (non incluíndo cachés nen gastos de persoal)
- Calquera outra información considerada de interese para a mellor comprensión do proxecto e/ou a súa promoción.

Selección

Os proxectos serán seleccionados pola organización do Festival, atendendo a:

- Adecuación á filosofía do Festival dos Abrazos.
- Calidade artística.
- Complementariedade entre as distintas propostas.
- Viabilidade técnica, material e económica.

Unha vez realizada a selección dos proxectos, a organización do Festival convocará ás persoas responsables dos mesmos a unha reunión conxunta onde se pecharán datas, horarios, espazos, necesidades materiais e todas aquelas cuestións necesarias para a realización do espectáculo.

Os proxectos seleccionados beneficiaránse de:

- Promoción e publicidade n os soportes de comunicación do Festival dos Abrazos
- Apoio e asesoramento na produción técnica
- Axuda económica para a montaxe do espectáculo (quedan excluídos cachés e honorarios) que será fixada en función do número de proxectos seleccionados

Observacións

A participación no certame implica a aceptación íntegra das súas bases.

Calquera dúbida sobre a interpretación das mesmas será resolta pola organización do Festival dos Abrazos.

No caso de non achegar toda a información requirida, a solicitude será desestimada.

Toda a realización do espectáculo, incluída a montaxe e desmontaxe estará dacordo coa lexislación vixente en prevención de riscos laborais.